

CANTANTE, COMPOSITOR, POETA...

Joaquín R. Martínez Sabina nace en Úbeda (Jaén) en 1949, e con só catorce anos comeza a facer os seus primeiros poemas e a ler autores como Marcusse, Proust...

Aos dezaseis anos forma a súa primeira banda, "Merry Youngs", que versionaba a Elvis, Chuck Berry, etc.

Nun principio matriculouse na Universidade de Granada para estudar Filoloxía Románica, pero en 1968, durante o estado de excepción, seu pai, comisario de policía, recibe a orde de detelo.

Tense que exiliar ata o ano 1977 en Londres por pór un cóctel molotov nunha sucursal bancaria como protesta polo proceso de Burgos.

Da súa época inglesa, son moitas as anécdotas que conta, actuou ante George Harrison no seu aniversario, recibindo unha propina de cinco libras, e durante dous anos foi "squatter" (ocupa).

De volta en España, comeza a actuar en pequenos pubs madriliños e aparece en programas de televisión que

lle van dando certa fama. O máis destacable destes comezos foron as súas actuacións en "La Mandrágora" con J.Krahe e Alberto Pérez.

Como dato a destacar, direi que antes que como cantante, no mundo da música foi coñecido como gran compositor. En 1979 Antonio Flores grava unha canción de Sabina, "Pongamos que hablo de Madrid" converténdoa en número un dos 40 principais. Serían moitos os que posteriormente tamén se beneficiarían do talento de Joaquín: Miguel Ríos, Ana Belén...

É coñecido o seu labor socio-político, participa nas festas para o referendo da OTAN, actúa en mitins políticos, etc.

En 1986 temos a primeira referencia poética de Joaquín, a Deputación de Granada publica "De lo contado y sus márgenes" con poemas escritos inéditos. Será no 2000 cando apareza a súa primeira biografía autorizada Joaquín Sabina. Perdonen la tristeza, de Javier M. Flores.

Desde logo é un home polifacético; fixo pequenos papeis en series de televisión e en películas de cine, a última no ano 2004, "Isi & Disi", escribe tamén unha columna semanal en Interviú, titulada "Esta boca es mía", tamén se dedica á hostalería, se pasades por Madrid non deixedes de ir á "La Cantina de la Mordida".

Da súa vida privada, só resaltar que baixo esa aparencia de home débil e incluso pouco atractivo, está un

conquistador nato, tivo dúas fillas con Isabel Oliart.

A súa saúde... precaria; no 2001 sofre un leve infarto cerebral, o que o leva a tomar unha gran decisión, isto dixo na súa biografía: "Seguramente cerrará alguna fábrica de tabaco por mi culpa, porque, señores, están viéndose a un ex-fumador ". No 2003 diagnóstícanlle unha grave lesión nas cordas vocais. Os rumores que falan da súa suposta adición a drogas como a cocaína sempre foron en aumento e incluso se chegou a dicir que o seu deterioro físico era porque padecía SIDA, algo que nunca se chegou a confirmar.

Da súa faceta como cantante, quizais a máis coñecida, vou intentar resumila o máximo posíbel,

pero pensade que son case trinta anos de carreira profesional.

O seu primeiro elepé "Inventario" ve a luz en 1978, e a partir de aquí sucédense os discos, en 1980 "Malas compañías", "La Mandrágora"